



CONCEPTOS FUNDAMENTAIS DE TEORÍA LITERARIA E LITERATURA COMPARADA

Anxo Abuín González (coord.), Iris Cochón Otero, Antonio Gil González
María do Cebreiro Rábade Villar, María Ángeles Rodríguez Fontela, María
Teresa Vilariño Picos

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011-2012

ÁREA DE TEORÍA DA LITERATURA E LITERATURA COMPARADA
DEPARTAMENTO DE LITERATURA ESPAÑOLA, TEORÍA DA LITERATURA E LINGÜÍSTICA
XERAL

Índice

1. Datos descriptivos da materia.....	3
2. Obxectivos e competencias.....	7
3. Contidos.....	8
4. Bibliografía xeral da materia.....	14
5. Metodoloxía.....	17
6. Sistema de avaliación.....	19
7. Distribución e calendario de actividades....	20

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

NOME

Conceptos fundamentais de Teoría literaria e Literatura comparada.

CÓDIGOS

Grao en Filoloxía Clásica: G5071202. Grao en Lingua e Literatura Españolas: G5041202. Grao en Lingua e Literatura Españolas (Campus de Lugo): G5091202. Grao en Lingua e Literatura Galegas: G5051202. Grao en Lingua e Literatura Inglesas: G5061202. Grao en Lingua e Literaturas Modernas: G5081202.

TIPO DE MATERIA

Formación básica.

CURSO E CUADRIMESTRE

Segundo curso e segundo cuatrimestre.

NÚMERO DE CRÉDITOS

6 ECTS.

REQUISITOS PREVIOS

É recomendábel ter aprobada a materia *Teoría e Crítica literaria*, de primeiro curso do Grao.

LINGUAS QUE SE UTILIZARÁN

Galego e/oucastelán, dependendo de cada profesor/a. Nas lecturas, taménoutraslinguas románicas e inglés.

SENTIDO DA MATERIA NA TITULACIÓN

Hai un dobre nivel que merece ser destacado: o dos vínculos desta materia con outras da titulación e o da súa función específica no Grao.

Igual que a materia precedente de primeiro curso *Teoría e Crítica literarias*, a materia *Conceptos fundamentais de Teoría literaria e Literatura comparada* incorpora un carácter instrumental destinado a consolidar as bases dun mellor aproveitamento doutras materias da titulación, particularmente as de contido literario. Así o demanda o seu estatuto de materia básica dos Graos filolóxicos nos que se imparte. A transversalidade académica supón asemade potenciar dimensións interdisciplinares, comparadas e interculturais nos contidos, os procedementos e as actitudes. A conexión básica de *Conceptos fundamentais de Teoría literaria e Literatura comparada* é, pois, a existente con *Teoría e Crítica literarias*, se ben en segundo curso deixa de manter centralidade o esquema xenolóxico (narrativa – poesía – teatro – ensaio) que organizara a materia anterior. *Conceptos fundamentais*, complementariamente, é unha ponte de acceso ao Minor en Teoría da literatura e Literatura comparada e polo tanto aos dous módulos nel integrados, *Os Estudos literarios na actualidade* (coas materias *Cinema e literatura*, *Traxectorias da literatura europea*, *Teorías literarias contemporáneas* e *Literatura comparada*) e *Aplicacións teórico-comparadas: literatura, cultura e teatro* (coas materias *Estudo teatrais*, *Análise cultural*, *Texto, imaxe e cibertexto* e *Socioloxía da literatura*).

Alén disto, segundo deixa ver a formulación do programa da materia, esta materia de segundo curso está conectada con calquera outra dos graos impartidos nas Facultades de Filoloxía e Humanidades nas que ocupen algún

espazonacións como ficción, texto, discurso, oralidade, canon, hipertexto, mito, globalización, ideoloxía, interpretación ou intermedialidade, entre moitas outras; outamén con módulos nos que aparezan referencias á Historia literaria, a Análise do discurso, a Pragmática, a Estética, a Teoría política, a Socioloxía, a Tematoloxía, a Semiótica da cultura, a Tradutoloxía, a Hermenéutica, a Literatura comparada e a outras varias disciplinas.

Canto á función específica de *Conceptos fundamentais* no Grao pode expresarse indicando que consiste en promover con rigor e dinamismo intelectual unha ampliación das bases do coñecemento do feito literario alcanzadas nos tres cuatrimestres anteriores. Esa ampliación é no esencial unha apertura á análise comparada das relacións da literatura con outras formas artísticas e culturais, tanto no marco nacional coma no internacional, e á comprensión crítica das coordenadas históricas, culturais, sociais e ideolóxicas nas que intervén todo discurso literario.

PROFESORADO E TITORÍAS

Anxo Abuín González (E, I e T¹). Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela
Gabinete: 128. Teléfono: 881811770. Correo electrónico: anxo.abuin@usc.es.
Titorías 1o e 2o cuatrimestres: martes e mércores, 10:00-13:00 h.

Iris Cochón Otero (I) Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela
Gabinete: 118. Teléfono: 881811779. Correo electrónico: iris.cochon@usc.es
Titorías 1o e 2o cuatrimestres: martes e mércores, 11:00-13:00 h.

Antonio Gil González (I). Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela
Gabinete 334. Teléfono 881811832.
Facultade de Xeografía e Historia, despacho de profesores.
Correo electrónico aj.gil@usc.es
Titorías: consultar no enlace da Secretaría Virtual

Marco Paone (I). Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela
Gabinete: SALA D (PDI). Teléfono: 881811907.
Correo electrónico: marco.paone@usc.es. Titorías 2º cuatrimestre: mércores, 10:00-14:00.

María do Cebreiro Rábade Villar (E, I e T). Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela
Gabinete: 117. Teléfono: 881811780. Correo electrónico: m.rabade@usc.es.

¹E = sesións expositivas, I = sesións interactivas, T = titorización.

Titorías 1o e 2o cuatrimestres: xoves e venres, 11:00-14:00 h.

Carlos Redondo Sánchez(I).Facultade de Filoloxía. Burgo das Nacións - Campus Norte, 15782, Santiago de Compostela.

Gabinete: Sala de PDI "E". Teléfono: 881811974.

Correo electrónico: carlos.redondo@usc.esTitorías: sen especificar no momento da redacción da guía.

M.a Ángeles Rodríguez Fontela(E, I e T, coordinadora no Campus de Lugo) Facultade de Humanidades Campus Universitario 27002 Lugo

Gabinete: 221. Teléfono: 982824771. Correo electrónico: rodriguez.fontela@usc.es. Titorías 1o cuatrimestre: martes e xoves, 11:00-13:00 e 19:00-20:00 h. Titorías 2o cuatrimestre: luns e martes, 9:00-12:00 h.

M.a Teresa Vilarino Picos (E, I e T) Facultade de Filoloxía Burgo das Nacións – Campus Norte 15782 Santiago de Compostela

Gabinete: 127. Teléfono: 881811771. Correo electrónico: mteresa.vilarino@usc.es. Titorías 1o cuatrimestre: martes, 10:00-14:00 h; xoves, 10:00-12:00 h. Titorías 2o cuatrimestre: martes, 10:00-14:00 h; xoves, 12:00-14:00 h.

As horas de titoría marcadas corresponden ásconvencionais, as que cada profesor/a atende no seu propio gabinete.

Ademais delas, a activación dunha Aula Virtual suporá a existencia de titoríasvirtuais, en relación coas cales os estudantes recibirán información detallada acomezo do período das clases do segundo cuatrimestre. O correo electrónico, o foro e o chat da Aula Virtual serán por tanto ferramentas complementarias no labor de titorización e comunicación.

No que respecta ástitorías colectivas, con tres horas durante o cuatrimestre para grupos de dezestudantes, véxase o indicado no apartado sétimo desta *Guía*.

GRUPOS

Sesións expositivas:

Anxo Abuín González (CLE_01) María do Cebreiro Rábade (CLE_02) Iris Cochón Otero (CLE_03) María Teresa Vilariño Picos (CLE_04) María Ángeles Rodríguez Fontela (Lugo)

Sesións interactivas:

Anxo Abuín González (CLI_01 e CLI_08)
Marco Paone (CLI_02, CLI_05 e CLI_06)
Iris Cochón Otero (CLI_03 e CLI_07)
Antonio Gil González (CLI_06)
Carlos Redondo (CLI_07)
María do C. Rábade Villar (CLI_04, CLI_09 e CLI_10)

Sesións de titorización en grupo:

6 cada profesor de expositivas en Santiago de Compostela.

1 a profesora de expositivas de Lugo.

ESPECIFICIDADE DO CAMPUS DE LUGO

A totalidade dos datos fornecidos nesta *Guía* serán de aplicación aos dous campus nos que se imparte a materia, o de Santiago de Compostela e o de Lugo. Porén, debido ás especificidades deste último —en particular, á matrícula prevista no segundo curso do Grao en Lingua e Literatura española na Facultade de Humanidades—, anticipase unha organización autónoma destinada a tratar as pautas expostas na *Guía* coa flexibilidade que demanden as dinámicas propias dun grupo reducido de estudantes. Isto afectará igualmente á Aula Virtual.

2. OBXECTIVOS

- 1) Achegarse á tradición dos Estudos literarios con particular atención aos conceptos que son de aplicación directa á análise de textos.
- 2) Coñecer as grandes áreas de investigación teórica sobre a literatura e a cultura.
- 3) Visualizar de forma xeral as principais correntes teórico-críticas contemporáneas sobre o fenómeno literario e as súas implicacións.
- 4) Fundamentar a análise crítica de textos literarios nos niveis formal-estrutural, semiótico, hermenéutico, cultural e sistémico.
- 5) Coñecer os conceptos e recursos da análise crítica do relato, dos textos poéticos, do texto dramático e teatral /espectacular e dos textos ensaísticos.
- 6) Coñecer os elementos básicos para poder abordar desde unha perspectiva moderna e interdisciplinar o fenómeno literario como un proceso complexo e suxeito a unha reflexión teórica e comparada.
- 7) Conseguir fundamentos rigorosos para o seu uso e aplicación nos Estudos literarios.
- 8) Adquirir conceptos e métodos que desenvolvan nos estudantes estratexias de observación persoal do feito literario.
- 9) Ampliar o campo de estudo do alumnado cara ás esferas problemáticas do comparatismo actual, é dicir, cara a aqueles que tan só esta disciplina ten como propios.

COMPETENCIAS

- 1) Entender os obxectivos, posibilidades e métodos dos Estudos literarios no marco dinámico da súa propia tradición.
- 2) Asumir a pluralidade da noción de "literatura" e dos propios Estudos literarios.
- 3) Asimilar unha noción ampliada do concepto de "texto" e das análises correlativas.
- 4) Estabelecer as metas e mecanismos apropiados dunha análise textual.
- 5) Correlacionar conceptos como *forma*, *estrutura*, *código*, *discurso*, *autoría*, *lectura*, *significado*, *interpretación*, *repertorio*, *posición* e *canon* coa análise textual.
- 6) Entender e saber aplicar os fundamentos da análise narratolóxica, poética, dramático-teatral e ensaística.
- 7) Comprender unha serie de distincións noionais básicas indispensábeis para se aproximar aos diferentes aspectos implicados no proceso literario.
- 8) Entender a diversidade de enfoques e modelos teóricos contemporáneos nos Estudos literarios.
- 9) Asimilar os principios e métodos fundamentais para unha lectura crítica de textos teóricos e comparados.
- 10) Desenvolver a capacidade de reflexión crítica e de argumentación sobre o feito literario a partir do manexo dunha terminoloxía teórica sólida e ben asimilada.

3. CONTIDOS

1. MODERNISMO E POSMODERNISMO

Nunhaliña de continuidade con conceptos anticipados na materia *Teoría e Crítica literaria* do primeiro curso dos Graos, este tema revisa tres conceptos básicos para comprender os fenómenos literarios e culturais contemporáneos. Daranse polo tanto as claves de cada un deses termos e aplicaranse á análise concreta de textos.

Apartados

- 1.1. Modernidade e modernismo. As vangardas históricas
- 1.2. A crise da Razón e a fin da Historia
- 1.3. O paradigma posmoderno
- 1.4. Elementos para una descrición da idade neobarroca
- 1.5. O monstro e a súa representación na arte occidental

Bibliografía fundamental recomendada

- *Calabrese, Omar (1994). *La era neobarroca*. Madrid: Cátedra.
- Fokkema, Douwe, y Hans Bertens (1997). *International postmodernism : theory and literary practice*. Amsterdam: John Benjamins.
- Jameson, Fredric (1991). *El posmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado*. Barcelona: Paidós.
- Lyotard, Jean-François (1994). *La condición postmoderna*. Madrid: Cátedra.

2. TEMAS E MITOS

Os estudos temáticos suscitaron inicialmente certo ceceo teórico. Hoxe preséntanse como unha rama imprescindible do comparatismo. A intertextualidade inherente como marca aos temas literarios, converte a temátoloxía nunha disciplina chave para a abordaxe dos fenómenos supranacionais, entre eles os que incorporan a dimensión poscolonial. Neste apartado preséntase o potencial e o alcance da temátoloxía como ferramenta de análise, cunha atención particular aos mitos e á mitocrítica.

Apartados

- 2.1. Desenvolvemento histórico da temátoloxía
- 2.2. Problemas metodolóxicos da temátoloxía e a mitocrítica.
- 2.3. Mitos etno-relixiosos e literarios.
- 2.4. Os *topoi* da outredade: a imatoloxía.
- 2.5. Relacións transversais con outras disciplinas.

Bibliografía fundamental recomendada

- *Domínguez, César (2004). "Temátoloxía e crítica literaria". En Arturo Casas (coord.), *Elementos de crítica literaria*. Vigo: Xerais, 129-160.
- García Gual, Carlos (1999). "Sobre la interpretación literaria de mitos griegos: ironía e inversión del sentido". En Darío Villanueva (dir.), *Sin fronteras. Ensayos de literatura comparada en homenaje a Claudio Guillén*. Madrid: Castalia, 183-194.
- Guillén, Claudio (1998). "Tristes tópicos: imágenes nacionales y escritura literaria". En *Múltiples Moradas. Ensayo de literatura comparada*. Barcelona: Tusquets, 336-347.
- Guillén, Claudio (1995). "Lo uno con lo diverso: literatura y complejidad". *1616: Anuario de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada* : IX, 51-66.
- Naupert, Cristina (1998). "Afinidades (s)electivas. La temátoloxía comparatista en los tiempos del multiculturalismo". *Dicenda. Cuadernos de Filología Hispánica*: 16, 171-183.
- Trocchi, Anna (2002). "Temas y mitos literarios". En Armando Gnisi (dir.), *Introducción a la literatura comparada*. Barcelona: Crítica, 129-165.

3. TEXTO, ORALIDADE, PERFORMANCE

A oralidade constituíu un marco de atención inicial para a etnoloxía, os estudos sobre o folclore e calquera aproximación á transmisión da cultura tradicional (cantos, lendas, mitos). Vinculada en xeral con actividades comunitarias, entre o traballo e a celebración festiva, a oralidade estudouse ademais como expresión participada por códigos interartísticos habitualmente ausentes na comunicación escrita, como a música, a danza e variadas formas de escenificación. O tema atende esas especificidades, a miúdo integradas e reactualizadas desde a cultura popular pola cultura de masas, e complementa a súa reflexión sobre a autoría, a anonimía, a recepción e en especial a dialéctica oralidade/escritura, suscitadora de importantes debates hermenéuticos, antropolóxicos, estilísticos, culturais e doutra clase que nalgún sentido culminan na crítica do fonocentrismo por Jacques Derrida e noutro sentido na reactivación, moi viva no momento presente, de prácticas artístico-culturais de base oral.

Apartados

- 3.1. Oralidade e textualidade: implicacións semióticas e pragmáticas.
- 3.2. O popular fronte ó masivo: converxencias e diverxencias textuais e sociolóxicas.
- 3.3. Tradición oral / transmisión oral.
- 3.4. A oralidade secundaria e os *Cultural Studies*.
- 3.5. Performatividades contemporáneas: no seo dunha oralidade terciaria.

Bibliografía fundamental recomendada

- Abuín González, Anxo (2010). "Oralidad terciaria". *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*. No prelo.
- Jameson, Fredric, e Slavoj Žižek (1998). *Estudios culturales: reflexiones sobre el multiculturalismo*. Barcelona: Paidós, 1998.
- Ong, Walter (1993). *Oralidad y escritura: tecnologías de la palabra*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Storey, John (ed.) (1997). *What is Cultural Studies? A Reader*. Londres: Arnold.
- *Zubileta, Ana M., et alii (2000). *Cultura popular y cultura de masas. Conceptos, recorridos y polémicas*. Buenos Aires: Paidós.

4. INTERMEDIALIDADE E INTERARTES

Este tema busca analizar os procesos de transferencia de formas e contidos desde un medio a outro, aceptando como premisa a centralidade do literario. O marco será comparatista, dando conta da longa tradición de reflexión sobre as relacións interartísticas, que habería que remontar ao tópic *ut picturapoiesis*. Trátase tamén de examinar a idea de intermedialidade desde un punto de vista histórico, con especial atención aos procesos de desenvolvemento de linguaxes mediais e artísticas singularizadas.

Apartados

- 4.1. A tradición horaciana: *Ut picturapoiesis*.
- 4.2. Intermedialidade e comparatismo: diferentes paradigmas.
- 4.3. O concepto de Interarte.
- 4.4. A intermedialidade: a constitución da linguaxe cinematográfica.
- 4.5. Novos medios e remediación.

Bibliografía fundamental recomendada

- *Abuín González, Anxo (2002). «O cinema ou a lóxica da remediación: mímese formal e reflexividade». *Boletín galego de literatura*: 27, 13-24.
- Lagerroth, Ulla-Britta, Hans Lund e Erik Hedling (eds.) (1997). *InterartPoetics. Essays on the Interrelations of the Arts and Media*. Amsterdam: Rodopi, 7- 13.
- Monegal, Antonio (2000). "Diálogo y comparación entre las artes". En A. Monegal (ed.). *Literatura y pintura*. Madrid: Arco Libros, 9-24.
- Wagner, Peter (ed.) (1996). *Icons — Texts — Iconotexts. Essays on Ekphrasis and Intermediality*. Berlín e Nova York: Walter de Gruyter, 1-41.
- Gaudreault, André, y François Jost (1995). *El relato cinematográfico: cine y narratología*. Barcelona: Paidós.

5. CANON, LITERATURAS EMERXENTES E POSCOLONIALISMO

O tema trata sobre o vínculo entre o concepto de emerxencia cultural e os fenómenos históricos resultantes do proceso de descolonización. En primeiro lugar, achega as ferramentas necesarias para comprender a categoría de “literatura emerxente”, prestando atención ás consideracións dos teóricos da Escola de Tartu sobre a categoría de “explosión” (Lotman). Ademais, ofrece unha introdución ao estudo crítico do orientalismo (Said) e presenta os fundamentos de ámbitos disciplinares como os Estudos sobre a subalternidade (Guha, Spivak) e os Estudos poscoloniais.

Apartados

- 5.1. Concepto de emerxencia literaria. O concepto de canonicidade.
- 5.2. A relación entre os procesos de cambio histórico e os fenómenos de explosión cultural.
- 5.3. A crise da razón colonial e o poscolonialismo. Subalternidade, marxe, periferia.
- 5.4. Literatura e imperio. Cultura e orientalismo. Edward Said.
- 5.5. Poscolonialismo e teoría feminista. Os estudos poscoloniais na actualidade.

Bibliografía fundamental recomendada

- García Canclini, Néstor (2000). “¿Demasiado determinismo o demasiada hibridación?”. En Sarah de Mojica (dir.), *Culturas híbridas. No simultaneidad. Modernidad periférica. Mapas culturales para América Latina*. México: Grijalbo, 75-80.
- Said, Edward W. (1996). “Imperio, Geografía y Cultura”. *Cultura e imperialismo*. Barcelona: Anagrama, 35-50.
- Sarlo, Beatriz (2007). “Victoria Ocampo o el amor de la cita”. *La máquina cultural: maestras, traductores, vanguardistas*. Buenos Aires: Seix Barral, 75-148.
- *Spivak, Gayatri Chakravorty (2008). “Estudios de la Subalternidad. Deconstruyendo la Historiografía”. En Sandro Mezzadra (dir.), *Estudios postcoloniales. Ensayos fundamentales*. Madrid: Traficantes de Sueños, 33-67.

6. LITERATURA MUNDIAL E GLOBALIZACIÓN

O concepto de *literatura mundial* está fundamente enraizado no desenvolvemento da Literatura comparada como disciplina, a carón doutros como *literatura universal*, *literatura europea* ou mesmo *literatura xeral*. Nos últimos tempos este concepto relanzouse arredor de fenómenos como a *World Fiction*, o multiculturalismo ou os estudos culturais. Trátase de examinar o papel da literatura no contexto dos novos movementos sociais, económicos e políticos, na tensión entre os pulos globalizadores (ou *glocalizadores*) e a defensa de identidades de carácter máis local.

Apartados

- 6.1. A idea de *literatura mundial*: primeiras achegas críticas.
- 6.2. Novos mercados: multiculturalismo e World Fiction.
- 6.3. Literatura e *glocalización*.

Bibliografía fundamental recomendada

- *Guillén, Claudio (1985). *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada*. Barcelona: Crítica, 54-65.
- Casanova, Pascale (2001). *La República Mundial de las Letras*. Barcelona: Anagrama, 217-227.
- Robertson, Roland (1995). "Glocalization: Time-Space and Homogeneity-Heterogeneity". En M. Featherstone, S. Lash e R. Robertson (eds.). *Global Modernities*, London: Sage, 25-44.

4. BIBLIOGRAFÍA XERAL DA MATERIA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ABUÍN GONZÁLEZ, A., E C. DOMÍNGUEZ (dirs.), *A Literatura Comparada hoxe. Boletín Galego de Literatura*: 34, 2005.
- BOURDIEU, P., *O campo literario*, Ames, Laiovento, 2004.
- CABO ASEGUINOLAZA, F., E M.C. RÁBADE VILLAR, *Manual de Teoría de la Literatura*, Madrid, Castalia, 2006.
- CASANOVA, P., *La República mundial de las Letras*, Barcelona, Anagrama, 2001.
- CASAS, A. (coord.), *Elementos de Crítica literaria*, Vigo, Xerais, 2004.
- GUILLÉN, C., *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la Literatura Comparada*, Barcelona, Crítica, 1985.
- IGLESIAS SANTOS, M. (ed.), *Teoría de los polisistemas*, Madrid, Arco Libros, 1999.
- LAGERROTH, U.-B., H. LUND E E. HEDLING (eds.), *InterartPoetics. Essays on the Interrelations of the Arts and Media*, Amsterdam, Rodopi, 1997.
- LOTMAN, I., *La semiosfera I. Semiótica de la cultura y del texto*, Madrid, Cátedra, 1996.
- ONG, W., *Oralidad y escritura: tecnologías de la palabra*. México: Fondo de Cultura Económica, 1993.
- POZUELO YVANCOS, J.M., *Poética de la ficción*, Madrid, Síntesis, 1993.
- SAID, E., *Cultura e imperialismo*, Barcelona, Anagrama, 1996.
- SANZ CABRERIZO, A. (ed.). *Interculturas, transliteraturas*, Madrid, Arco Libros, 2008.
- VEGA, M.J., *Imperios de papel. Introducción a la crítica poscolonial*, Barcelona, Crítica, 2003.
- VILARIÑO PICOS, M.T., E A. ABUÍN GONZÁLEZ (comps.), *Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica*, Madrid, Arco Libros, 2006.
- VILLANUEVA, D., *Teorías del realismo literario*, 2a ed., Madrid, Biblioteca Nueva, 2004.
- VILLANUEVA, D. (comp.), *Avances en Teoría de la literatura*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- WAHNÓN BENSUSAN, S., *El problema de la interpretación literaria. Fuentes y bases teóricas para una hermenéutica constructiva*, Vigo, Academia del Hispanismo, 2009.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- ABUÍN GONZÁLEZ, A., *Escenarios del caos. Entre la hipertextualidad y la "performance" en la era electrónica*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2006.
- AGUIAR E SILVA, V.M., *Teoria da literatura*, Coimbra, LivrariaAlmedina, 1988.
- ALONSO, S. (ed.), *Música y literatura. Estudios comparativos y semiológicos*, Madrid, Arco Libros, 2002.
- ASENSI PÉREZ, M., *Historia de la teoría de la literatura (el siglo XX hasta los años setenta)*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2003.
- BAJTIN, M. (P.N. MEDVEDEV), *El método formal en los estudios literarios. Introducción crítica a una poética sociológica*, Madrid, Alianza, 1994.
- BAL, M., *Conceptos viajeros en las Humanidades. Una guía de viaje*, Murcia, CENDEAC, 2009.
- BOURDIEU, P., *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*, 3a ed., Madrid, Taurus, 2006.
- CARBONELL, N., E M. TORRAS (comps.), *Feminismos literarios*, Madrid, ArcoLibros, 1999.
- DANIEL, U., *Compendio de Historia cultural. Teorías, práctica, palabras clave*. Madrid, Alianza, 2005.
- EVEN-ZOHAR, I., *Papers in Culture Research*, Tel Aviv, Unit for Culture Research, 2005. Accesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/ez-cr-2005.pdf>.
- FIGUEROA, A., *Nación, literatura, identidad. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*, Vigo, Xerais, 2001.
- GARCÍA CANCLINI, N., *Diferentes, desiguales, desconectados. Mapas de la interculturalidad*, Barcelona, Gedisa, 2004.
- GAUDREULT, A., E F. JOST, *El relato cinematográfico: cine y narratología*, Barcelona, Paidós, 1995.
- GINER, S. (coord.), *Teoría sociológica moderna*, Barcelona, Ariel, 2003.
- GUILLÉN, C., *Múltiples Moradas. Ensayo de literatura comparada*, Barcelona: Tusquets, 1998.
- HURTADO ALBIR, A., *Traducción y traductología. Introducción a la traductología*, Madrid, Cátedra, 2001.
- LANDOW, G.P., *Hipertexto: La convergencia de la teoría crítica contemporánea y la tecnología*, Barcelona, Paidós, 1995.
- MONEGAL, A. (ed.), *Literatura y pintura*, Madrid, Arco Libros, 2000.
- MUÑOZ, J., E Á.M. FAERNA (eds.), *Caminos de la hermenéutica*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2006.
- PICORNELL, M., E M. PONS (eds.), *Literatura i cultura: aproximacions comparatistes*, Palma de Mallorca, Lleonard Muntaner Ed., 2009.
- POZUELO Y VANCOS, J.M., *Teoría del lenguaje literario*, Madrid, Cátedra. 1994.
- SARLO, B., *La máquina cultural: maestras, traductores, vanguardistas*, Buenos Aires, Seix Barral, 2007.
- SELDEN, R. (ed.), *Historia de la crítica literaria del siglo XX. Del formalismo al postestructuralismo*, Tres Cantos, Akal, 2010.
- SULLÀ, E. (ed.), *El canon literario*, Madrid, Arco Libros, 1998.
- VALDÉS, M.J., *La interpretación abierta: Introducción a la hermenéutica literaria contemporánea*, Amsterdam, Rodopi, 1995.
- VIÑAS PIQUER, D., *Historia de la crítica literaria*, Barcelona, Ariel, 2002.

DICIONARIOS, GLOSARIOS E BASES DE DATOS

ALTAMIRANO, C. (dir.), *Términos críticos de sociología de la cultura*, Buenos Aires, Paidós, 2002.

BELLER, M., E J. LEERSSEN (eds.), *Imagology. The Cultural Construction and Literary Representation of National Characters. A Critical Survey*, Amsterdam, Rodopi, 2007.

CHAUVIN, D., A. SIGANOS E PH. WALTER (dirs.), *Questions de Mythocritique. Dictionnaire*, París, Imago, 2005.

EQUIPO GLIFO (dir.), *DiTerLi. Base de datos do Dicionario de termos literarios*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006. Accesíbel en <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>.

ESTÉBANEZ CALDERÓN, D., *Diccionario de términos literarios*, Madrid, Alianza, 2004.

FRENZEL, E. (1980), *Diccionario de motivos de la literatura universal*, Madrid, Gredos, 1980.

GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Barcelona, Paidós, 2008.

MAKARYK, I.R. (ed.), *Encyclopedia of Contemporary Literary Theory: Approaches, Scholars, Terms*, Toronto, University of Toronto Press, 1993.

PAYNE, M. (ed.), *A Dictionary of Cultural and Critical Theory*, Oxford, Blackwell, 2000.

GUÍA DE RECURSOS TELEMÁTICOS

CASAS, A., "La Teoría de la literatura y la Literatura comparada en Internet". *Boletín de la Asociación Internacional de Hispanistas*, 10 (2003), 262-273. Accesíbel en <http://www.dartmouth.edu/~aih/pdf/teoria.pdf>.

5. METODOLOXÍA

O rótulo identificador da materia enténdese en sentido non bipolar senón complementario e dialéctico. Isto significa que os *conceitos fundamentais* referidos se introducirán con perspectiva á vez teórico-crítica e comparatista, sen restrición a ámbitos lingüísticos ou culturais concretos e procurando activar no alumnado o interese por espazos literarios e artísticos plurais e mesmo pola interrelación entre os mesmos.

Conceitos fundamentais de Teoría literaria e Literatura comparada aspira a articularse ademais como unha guía sólida para a comprensión e a utilización dunha serie ampla de nocións de uso frecuente nos Estudos literarios e culturais na actualidade. Esas nocións conforman de seu unha rede ou cartografía conceptual na que é necesario que os alumnos/as saiban orientarse con sentido crítico e proactivo, incorporando ao discurso descritivo sobre o feito literario —con naturalidade, solvencia e criterio propio— eses elementos analíticos e as epistemoloxías correspondentes.

Outorgaraos conceptos a vertebración da materia implica unha selección atenta e un axuste equilibrado. Considerouse apropiado que cada tema ocupe dúas sesións expositivas, de maneira que haxa tempo suficiente para introducir pausadamente os contidos da materia. Contarase ademais con sesións de balance transversal e de prospectiva sobre cada bloque de temas, p que deixa así mesmo unha marxe de axuste para algún imprevisto que surda durante o curso ou para atender algunhas súestión específica do alumnado destinada a complementar a información compartida.

As sesións expositivas a cargo do profesorado complementaranse coa participación nas clases dos alumnos/as mediante intervencións individuais que demanden maior claridade, profundidade ou ampliación de contidos, e tamén a través de propostas conxuntas derivadas de intereses específicos do grupo ou dun sector do mesmo. Estas sesións non terán un carácter reservadamente teórico senón que incorporarán dimensións prácticas e aplicacións concretas do marco conceptual presentado ao grupo.

As sesións de seminario reforzarán a interactividade e os momentos de debate. Os materiais de apoio —textos literarios, teóricos e críticos relacionados cos temas do programa, así como outras producións artísticas e discursivas— están destinados a incentivar unha comunicación posta ao servizo dos obxectivos e competencias expostos no apartado 2 desta *Guía*.

Para estas clases interactivas, recoméndase a seguinte distribución para cada tema (dúas sesións):

-Primeira sesión: lectura conxunta de materiais, guiada polo profesor.

-Segunda sesión: intervención pública de cada un dos alumnos a partir do traballo con eses materiais.

Aula Virtual

Activarase unha Aula Virtual para a materia e promoverase o uso e aproveitamento dos seus materiais e recursos. A continuidade no seguimento desta ferramenta terá incidencia directa na nota final.

Recomendacións para o estudo da materia

Dado que a programación de contidos e prácticas está moi axustada na súa temporalización durante as dezaseis semanas lectivas do segundo cuadrimestre, recoméndase unha asistencia regular e puntual ás clases, o seguimento diario das tarefas programadas, a lectura serea e crítica dos textos de traballo e o uso de todas as canles comunicativas co profesor/a e coas fontes de aprendizaxe.

En particular aconséllase ao alumnado o aproveitamento das horas de tutoría, onde a aprendizaxe pode ser máis personalizada.

Tempo de estudo e traballo persoal

Ás cincuenta e catro horas presenciais, repartidas entre sesións expositivas (24), interactivas (24), titoriais (3) e de avaliación (3), súmanse noventa e seis horas non presenciais. A distribución destas últimas planifícase orientativamente do seguinte xeito:

- 1) Actividades non presenciais dirixidas: 21 horas. — Consulta e estudo da bibliografía recomendada.
- 2) Actividades non presenciais libres: 75 horas.
 - Preparación de traballos, debates e outras actividades: 12 horas.
 - Actividades autónomas de libre disposición para preparar a materia: 16 horas.
 - Estudo e reflexión sobre as sesións expositivas, interactivas e titoriais: 16 horas.
 - Seguimento da Aula Virtual: 16 horas. — Titorización non presencial: 3 horas.
 - Preparación de exames: 12 horas.

6. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Á parte do exame final, valorarase a participación nas clases expositivas e interactivas, a preparación e elaboración de traballos (como mínimo un individual e un en grupo), o uso da Aula Virtual, a capacidade de interactuar cos compañeiros e a execución doutras actividades prácticas.

A nota do exame representa o 60% da calificación final.

Da participación en clases expositivas e seminarios e do uso da Aula Virtual terase en conta a constancia na interactividade, o nivel e o interese das intervencións e o progreso neses parámetros ao longo do curso. Igualmente, valorarase a disposición a colaborar no marco do grupo, con atención particular á interacción co alumnado Erasmus (integración, apoio mutuo, activación de propostas en común...). Este apartado constitúe o 20% da nota final.

Das actividades prácticas nas sesións de seminario (resumos, traballos individuais e en grupo, etc.) valorarase a orixinalidade e a creatividade, a asimilación dos conceptos e modelos de análise expostos, o rigor argumentativo, a presentación escrita e a calidade da exposición oral. Esta avaliación supón un 20% da calificación final.

Con independencia desta avaliación tripartita, serán obxecto de estimación positiva (ou en caso contrario negativa) a corrección ortográfica e gramatical e a propiedade da expresión oral e escrita, así como a coherencia lóxica do discurso e a capacidade de síntese.

Os criterios expostos manterán validez nas calificacións de maio e nas de xullo. Excepcionalmente, estimaranse circunstancias individuais que condicionen o seguimento estricto das tarefas programadas no día a día. Isto pode ter algunha repercusión na distribución porcentual 60/20/20 que se vén de detallar.

O alumno comprométese a presentar sempre traballos orixinais. O plaxio será sancionado cun suspenso nas convocatorias de maio e xuño.

Observacións

No aproveitamento do programa desta materia é moi estimábel unha competencia lectora rica e plural, non só en sentido cuantitativo senón tamén cualitativo (multixenérica, multicultural e multilingüística). Resulta de especial incidencia o hábito de ler ensaio e de afacerse á consulta e seguimento de revistas especializadas no campo teórico-comparado. É así mesmo pertinente lembrar aquí o carácter teórico-comparado da materia e a apertura do horizonte textual e discursivo a prácticas artísticas e mediais diversas que serán contrastadas coas literarias (narrativas de transmisión oral, pintura, hipertexto, performance, música, variantes interartísticas, etc.).

Por último, recoméndase vivamente ao alumnado que poña en relación os contidos abordados nesta materia cos doutras materias afíns, en especial con *Teoría e Crítica literarias* e cos coñecementos adquiridos sobre as tradicións literarias e culturais propias de cada Grao.

7. DISTRIBUCIÓN E CALENDARIO DE ACTIVIDADES

TITORÍAS

Cada alumno/a disporá de tres horas de titorías presenciais e doutras tres de titoría non presencial. As titorías constitúen un reforzo personalizado das sesións expositivas e interactivas. Servirán para profundizar nas cuestións que presenten dificultades ou para ampliar sectores que sexan do específico interese do alumnado. Nese labor titorial o profesor/a terá a ocasión de comprobar en qué medida progresa cada alumno/a na aprendizaxe, polo que as horas de titoría acaban proxectando unha dimensión didáctica de axuste de posibles disfuncións tanto no plano individual como no colectivo.

As titorías en grupos de dez alumnos/as irán en horario de tarde⁵. A previsión inicial é que se sitúen na segunda quincena de febreiro, na primeira quincena de abril e na primeira quincena de maio.

CRONOGRAMA

O período de clases do segundo cuadrimestre abrangue do 30 de xaneiro ao 21 de maio de 2012. Indícase a distribución mensual dos temas do programa:

febreiro

temas 1 e 2
semana 1: introdución xeral
semana 2: tema 1
semana 3: tema 1
Titoría en grupo 1
semana 4: tema 2

marzo

temas 3 e 4
semana 1: tema 2
semana 2: tema 3
semana 3: tema 3
semana 4: balance e prospectiva
semana 5: tema 4

abril

temas 4, 5 e 6
Titoría en grupo 2
semana 2: tema 4
semana 3: tema 5
semana 4: tema 5

maio

tema 6 e recapitulación
semana 1: tema 6
Titoría en grupo 3
semana 2: tema 6
semana 3: balance / axustes
semana 4: balance / axustes

DATAS DE EXAME

29/05/2012. AULAS 8, 9, 10, 11 E 12.
03/07/2012. AULAS 10 E 11.